

RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Cabanelas, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/2-4), DOG Núm. 165, de 31 de agosto de 2022. **Fin prazo alegacións: 13/10/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220831/AnuncioV0653-050822-0001_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Parque Eólico Cabanelas	Greenalia Wind Power Cabanelas, S.L.U.	A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)	<p>– 4 aerogeradores tripá modelo Siemens Gamesa SG 4,5-145 (ou modelo similar) de 4,5 MW de potencia unitaria. Cada un deles estará equipados cun transformador elevador de 30/0,69 kV e potencia aparente 5.000 kVA situado no seu interior.</p> <p>– A rede de media tensión do parque recollerá a enerxía xerada polos aerogeradores e transportarase ata a subestación As Penizas (non obxecto deste expediente); estará formada polos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 4 centros de transformación de tensión 30/0,69 kV situados no interior dos aerogeradores. • 3 liñas soterradas de 30 kV: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Circuito nº 1 conecta AE-01, AE-02 e AE-03 co CSC, lonxitude 2.472 m. ◦ Circuito nº 2 conecta AE-04 co CSC, lonxitude 854 m. ◦ Circuito de evacuación conecta CSC coa subestación As Penizas (non obxecto deste expediente), lonxitude 1.833 m. <p>Os condutores de media tensión serán de tipo RHZ1-OL 18/30 kV Al e sección variable de 240, 400 e 630 mm².</p> <p>A rede de cables do parque eólico estará composta polo tendido de media tensión, baixa tensión e comunicacións (fibra óptica que conecta os aerogeradores co sistema automático de control do parque); realizarase mediante condución en gabias cunha lonxitude total proxectada de 4.662,00 m.</p>

			<p>Terase tamén un condutor de cobre espido e sección 50 mm² no fondo das gabias para a rede de posta a terra.</p> <p>– O centro de seccionamento e control do parque estará constituído por un edificio prefabricado onde se recollerá a enerxía procedente do dito parque que se enviará á subestación colectora As Penizas (non obxecto deste expediente) para a súa evacuación á rede eléctrica nacional. O sistema de control utilizará unha rede de fibra óptica que enlaza os aeroxeradores co servidor SCADA. O sistema automático de control de parque comprende:</p> <ul style="list-style-type: none">• Sistema de control de aeroxeradores.• Sistema de comunicacións.• Sistema de regulación de potencia.
--	--	--	---

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental, RBDA e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico).